

O FARELO

nº 37

FEBREIRO '10
SEGUNDA ETAPA

REVISTA DE HUMOR QUE RABEA POR PENEIRAR

Inmigración ilegal no Concello de

VIP



martirena





Os soños de Román

POR FRANCISCO PUÑAL SUÁREZ

O emblemático Mesón do Forno, situado na rúa do Río Ser, 12-14, de Lugo, e fundado por Suso Carreira o 7 de febreiro de 1976, é un referente cultural da cidade, ao realizar exposicións artísticas, ademais de ofrecer gastronomía galega e árabe.

Durante o mes de febreiro, o local acollerá a obra de Román Montesinos, fotógrafo galego, xeólogo e profesor da Universidade da Coruña, da Facultade de Ciencias da Educación, que dará rendas soltas aos seus soños coa exposición de 25 imaxes: *Onirismos con certa asepsia*.


Á calidade artística e fotográfica das imaxes de Román Montesinos, únese a súa desbordante imaxinación, que con humor e retranca, e dun xeito poético e filosófico, trata os temas máis diversos da realidade. Nada é banal para Román e sorprende ver cómo as súas fotos, onde emprega os máis variados obxectos para expresar os seus conceptos,

amósannos un mundo singular que nos fai exercitar a mente. Román ratifica coas súas fotos que o humor é un asunto moi serio.

Como expresou a xornalista Marta García Márquez, as fotos de Román levan ao espectador polos camiños do humor e a ironía, facendo un paralelismo en imaxes ao que Gómez da Serna, coas súas *Greguerías*, realizaba coas palabras.

Estamos ante un artista de mente inqueda ao que a súa actividade profesional como xeólogo especializado na paleontoloxía dálle certa vantaxe, xa que está moi afeito ver cousas, a evidenciar detalles e buscar analogías, que a xente non observa normalmente, e isto envórcao na realización da súa obra fotográfica.

Temos que festexar esta exposición -a cuarta en Galicia- dun talento que vai en ascenso e que pon no alto a concepción artística da fotografía galega.



boligán



14-f - Día dos namorados

O maldito cambio climático



tomy

Reinventar a caricatura persoal

POR FRANCISCO PUÑAL SUÁREZ / FOTO DE SANTIAGO SGARBI

Paffaro chega a asombrarnos pola maxia da revelación das personalidades caricaturizadas, di o escritor e poeta brasileiro Jorge Lemos.

E é que sen dúbida, Gustavo Paffaro, con 30 anos de idade, é nestes momentos uno dos máis brillantes artistas plásticos de Brasil, e un creador singular da caricatura persoal, cun gran recoñecemento profesional.

Xa desde a idade de 8 anos, Gustavo entretíñase facendo debuxos dos seus compañeiros de aula e dos seus profesores, no que considera a súa primeira fase de adestramento. Sempre lle chamou a atención o deseño humorístico, e por iso contou con bos mestres de debuxo e pintura na súa formación, que continuou con estudos superiores de publicidade e deseño.

"Nun inicio -expresa Gustavo, quen comezou o seu labor como ilustrador en 1997- *tiven numerosas dificultades, por falta de experiencia, pero con moita dedicación e vontade, as dificultades foron superadas. Hoxe cando miro a unha persoa xa se exactamente onde podo distorsionar a súa imaxe. E é que os meus ollos xa están adestrados para facer iso*".

"No proceso de creación para facer unha caricatura persoal -engade- o meu primeiro paso é ter referencias visuais da persoa que vou debuxar: unha boa foto, un bo vídeo... Eu, particularmente, gústame moito traballar cunha boa foto, desas que teñan detalles de luces e sombras. Tamén investigo a biografía do personaxe, o seu comportamento social... para despois pasar á distorsión, que é o proceso máis importante de todos. Necesito tranquilidade no meu traballo, que non haxa interrupcións e gústame escoitar música de jazz".

Gustavo pinta a man e tamén realiza a pintura dixital, dando sempre unha identidade persoal á súa obra.

"A evolución dun artista -puntualiza Gustavo- *consiste na capacitación, o estudo e a observación, todos na mesma proporción, ninguén nace listo e a aprendizaxe é constante durante toda a vida. O meu consello para aqueles que están a comezar é nunca darse por vencido, adestrar duro e ver aos grandes mestres da pintura. Atopar e observar a vida da persoa caricaturizada, costumes, oficios, xestos, escoitar as súas palabras... é unha boa suxestión para captar a alma do personaxe*".



ANGELINA JOLIE.




BOB MARLEY.



RAY CHARLES.



WOODY ALLEN.



FREDDY MERCURY.




UMA THURMAN.

raúl_de_la_nuez



félix_ronda




raúl Lamoso


e ti que?

se fas viñetas, caricaturas, tiras cómicas, banda deseñada...
FARELO ofréceche un espazo para darte a coñecer

envíanos os teus traballos a farelo@apeneira.com



erdogan_basol

**Valo dos laios**

guisa e napo

